

Karl Popper

Karl Popper foi un filósofo nacido en Viena (Austria) en 1902 e faleceu en Londres (Reino Unido) no 1994 aos 92 anos. É considerado un dos filósofos máis importantes do s.XX polos seus estudos sobre a ciencia, a política e coñecemento.

Karl Popper interesouse pola filosofía desde que era pequeno, nunha etapa marcada polas guerras e os cambios políticos en Europa. Durante a súa xuventude estudou matemáticas, física e filosofía na Universidade de Viena. Ao principio as súas ideas semellábanse as de Karl Marx, pero acabou afastándose porque pensaba que non permitían a crítica libre. Logo creou as súas propias teorías filosóficas e converteuse nun filósofo moi recoñecido.

Debido ao nazismo e a súa expansión en Austria Karl Popper tivo que escapar do seu país e chegou a Nova Zelandia, onde traballou como profesor antes de instalarse definitivamente no Reino Unido. As súas ideas tiveron unha enorme influencia na filosofía da ciencia e na defensa das sociedades democráticas.

Karl Popper escribiu varias obras filosóficas, pero as que máis destacan e máis relevantes son:

A lóxica da investigación científica: nesta obra explica unha das súas ideas máis coñecidas, unha teoría científica non pode demostrarse totalmente verdadeira pero si como falsa. Segundo Popper, a ciencia avanza ponendo proba as teorías e intentando desmentilas

A sociedade aberta e os seus inimigos: neste libro defende a democracia e critica os sistemas totalitarios. Pensaba que unha sociedade libre debe permitir a crítica, o debate e a liberdade de pensamento para progresar

Conxecturas e refutacións: nesta obra desenvolve a idea de que o coñecemento humano avanza a través de hipóteses e erros. Para Popper, aprender consiste en propoñer ideas, comprobar se funcionan e corrixilas cando son equivocada

As principais ideas filosóficas de Karl Popper foron:

Falsacionismo: A súa idea principal que consistía nunha doutrina epistemolóxica aplicada ás ciencias que propón a falsabilidade como criterio para diferenciar o que é ciencia do que non. Según o falsacionismo, unha teoría científica só pode considerarse válida se en lugar de buscar probas que a confirme, a ciencia ten que tratar de someterla a experimentos que poderían demostrar que é falsa. Dende esta idea, ningunha teoría pode considerarse definitivamente verdadeira, senón aínda non rechazada.

Crítica á indución: Argumentou que a ciencia non debe basearse na indución, é dicir, observar casos particulares para establecer leyes xerais, xa que nunca podemos probar unha teoría como verdadeira definitivamente, solo con exemplos a favor. (Como no falsacionismo).

Realismo metafísico: Popper sostiña que existe un mundo real e físico independente do coñecemento humano, pero que este coñecemento evoluciona a través da eliminación de erros.

Como hemos observado, Popper tivo unha gran importancia na filosofía por revolucionar a ciencia co falsacionismo e pola súa defensa da sociedade aberta na filosofía política. Diferenciou a ciencia da pseudociencia, dicindo que a primeira realiza prediccións arriesgadas e está aberta á refutación, mentres que a segunda protéxese contra as críticas.

En “A sociedade aberta e os seus inimigos” (o seu libro) defendeu a liberdade individual, a democracia liberal e o racionalismo fronte aos totalitarismos, o que foi clave nas súas aportacións á filosofía.

En conclusión, Karl Popper foi un filósofo moi relevantes na filosofía polos seus achegamentos ao pensamento crítico e á filosofía da ciencia. As súas obras e ideas, especialmente o falsacionismo, cambiaron a forma de entender como avanza o coñecemento científico. Ademais, defendeu a liberdade, a crítica e a importancia de cuestionar as ideas para mellorar a sociedade e o coñecemento humano.